



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: MELLORAS DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE PAZOS (AGADER)

**EXPEDIENTE:**2024/G003/000667

### ANTECEDENTES:

Logo de ver a Resolución do 19 de decembro de 2023 da directora xeral de Agader pola que se aproba o Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024- 2025 cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ó abeiro do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020 (DOG núm. 18, do 25 de xaneiro de 2024, na que se concede unha axuda ao concello, por importe de 62.065,00 €, repartida en 2 anualidades (anualidade 2024: 30.237,00 €, e anualidade 2025: 31.828,00 €).

Logo de ver o proxecto: MELLORAS DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE PAZOS (AGADER), redactado polo arquitecto, Gonzalo García Martínez, colexiado número 1.897, de febreiro 2024, cun prazo de execución de 2 meses, cun orzamento de execución (sen iva) de 62.065,00 €, aprobado pola Xunta de Goberno Local do día 15/07/2024, o cal contén toda a documentación prevista no artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017.

Logo de ver a Resolución da Alcaldía, de data 15/07/2024, pola que se inicia o expediente de contratación polo procedemento aberto simplificado abreviado, art. 159.6 LCSP.

Considerando que, para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, esta Alcaldía entende necesario que se tramite un contrato de execución das obras. O valor estimado do contrato será de 62.065 € e 13.033.65 € de IVE euros, polo que se opta polo procedemento aberto simplificado sumario. Xustifícase a súa utilización de conformidade co artigo 116.4 e 159.6 da LCSP polo prezo do contrato e que nos criterios de adxudicación non haberá ningún criterio avaliábel mediante xuízo de valor, ou en todo caso non superará o 25% da puntuación total. Os criterios obxectivos e ponderados a ter en conta para adxudicar o contrato son o prezo e o aumento do prazo de garantía, empregando o PCAP asinado polo alcalde o 02/08/2024, xustificando os criterios que se terán en conta para a valoración das propostas, como o prezo e o aumento do prazo de garantía, pola aplicación de fórmulas matemáticas que axilien o procedemento e ó mesmo tempo permitan elixir á proposta económica máis vantaxosa que presente a mellor relación calidade-prezo e se garantice a calidade da obra por medio da ampliación do prazo de garantía, xustificándose a necesidade e a idoneidade do contrato e a eficiencia na contratación.

Visto o informe dos Servizos Técnicos municipais e actas de reformulo previo, no que se detallan os aspectos técnicos do mesmo, así como a viabilidade da devandita actuación e a súa non división en lotes, recolléndose no correspondente Proxecto de Obras os Pregos de Prescricións



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Técnicas polos que se rexerá a licitación.

Dispónse da existencia de crédito suficiente para a anualidade 2024, partida 2024.1532.22C2.61900, de conformidade RC expedido pola Intervención o 18.07.2024, por un importe de 36.586,27. No que respecta a anualidade 2025, queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contratos nos orzamentos do exercicio correspondente, ascenden a contía de 31.828 € máis iva, para o que se conta co financiamento de AGADER, así como a acta de reformulo previo da obra post aprobación do proxecto, para os efectos previstos no artigo 236 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Visto a memoria da Alcaldía, de data 22/07/2024, no que se xustifica o contrato administrativo de obras en base á insuficiencia de medios persoais e materiais do concello para poder executar a obra, e a xustificación da elección do procedemento en base ao prezo ou valor estimado da obra.

Vistos os Pregos de Cláusulas Administrativas que rexerán o procedemento de contratación, asinados polo alcalde o día 02/08/2024, polo procedemento aberto simplificado abreviado, art. 159.6 da LCSP

Visto o informe xurídico emitido pola Secretaría deste Concello, de carácter favorable, na data do 29/07/2024.

Vista a fiscalización emitida pola Intervención deste Concello, de carácter favorable, na data do 02/08/2024.

A competencia municipal en relación co obxecto do contrato ven atribuída polo artigo 25.2, apartados b) e l), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e pola Resolución número 555/2023, de 3 de xullo, modificada pola Resolución número 734/2023, de 8 de setembro, na que consta que a aprobación e adxudicación de expedientes de contratación e concesión de obras, servizos e subministracións cando o seu valor estimado non exceda do 10 % do recursos ordinarios do orzamentos nin, en calquera caso a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidade non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do primeiro exercicio nin a contía sinalada. Quedan excluídos desta delegación aqueles contrato cuxa contía non supere a establecida no artigo 118 da LCSP, referido a contratos menores así como os que se tramiten por procedemento aberto simplificado sumario conforme o artigo 159.6 da LCSP A Alcaldía poderá avocar competencia nos supostos de urxencia debidamente motivada, e dará conta a XGL na vindeira sesión que se celebre.

Por todo o anterior, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente e, en concreto, en virtude do disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e tendo en conta a Resolución da Alcaldía núm. 555/2023, de 3 de xullo, modificada pola Resolución núm. 734/2023, de 8 de setembro, que delega a adxudicación na Xunta de Goberno Local.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado previsto no artigo 159.6 da LCSP do contrato de execución das obras: MELLORAS DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE PAZOS (AGADER), segundo o proxecto redactado polo arquitecto, Gonzalo García Martínez, colexiado número 1.897, de febreiro 2024, cun prazo de execución de 2 meses (1 mes anualidade 2024 e 1 mes anualidade 2025), cun orzamento de execución (sen iva) de 62.065,00 € + (iva 21%) 13.033,65 € = 75.098,65 € (Anualidade 2024: Base Impoñible: 30.237 €, Importe IVE (21%): 6.349,77 €, OBL: 36.586,77 €; Anualidade 2025: Base Impoñible: 31.828,00 € , Importe IVE (21%): 6.683,88 €, OBL: 38.511,88 €), aprobado pola Xunta de Goberno Local do día 15/07/2024.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe de 36.586,27 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2024.1532.22C2.61900, para a anualidade 2024.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a contratación mediante procedemento aberto simplificado abreviado do presente contrato de obras, previsto no art. 159.6 da LCSP.

CUARTO.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato por procedemento aberto supersimplificado, dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio no perfil do contratante deste Concello, para que no prazo de 10 días hábiles se poidan presentar as proposicións que se estimen pertinentes.

QUINTO.- Dar conta ao Pleno do Concello na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado electrónicamente polo alcalde, José Manuel Mato Martínez, ante min, a secretario, que dou fé, ós efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.